

MANUAL BÁSICO COMITÉ DE APELACIÓN

PROCESO DE APELACIÓN

Este documento pretende ser unha guía sinxela de apoio ós clubs para coñecer o procedemento de apelación, xa regulado polo miúdo no Regulamento de Réxime Disciplinario da Federación Galega de Balonmán.

¿Cándo apelar? O proceso de apelación reservase a aqueles casos que o permite o regulamento. En concreto debe existir unha resolución disciplinaria previa do Comité Territorial de Competición ou un acto concreto. Por exemplo se o Comité Territorial de Competición emite unha acta sancionatoria, pódese apelar; pero por exemplo se o Comité Territorial de Competición incoa ou inicia un expediente, non cabe apelación senón escrito de alegacións, porque todavía non hai unha resolución que recorrer.

Así, sempre se recorre en apelación unha resolución disciplinaria previa do Comité Territorial de Competición. Pero o mellor xeito de saber si un acto administrativo é recurrible en apelación é ler o seu contido: todas as resolucións ou acordos dos órganos administrativos fan constar se contra elas cabe recurso, ou ben escrito de alegacións, así como o prazo.- Esta reseña adoita estar ó final da resolución.

O prazo para recorrer. Como o propio artigo 110 do RRDg dispón: se ten un prazo de dez días hábiles a contar desde o día seguinte da notificación da resolución que se quere recorrer.

Como xa se indicou, ese prazo adoita comunicarse no fin do corpo da propia resolución recorrida.

Requisitos formais.

- O pago dunha taxa. Ex artigo 110 RRDg.
- E, por obriga do artigo 112 RRDg, que no corpo do escrito se faga constar expresamente:
 - a) Nome, apelidos e domicilio do interesado; así como o cargo de representación que ostenta.
 - b) Referenciarase claramente o acto ou resolución que se recorren.
 - c) Lista de probas que validen o seu relato de feitos.

d) OS PRECEPTOS DO REGLAMENTO QUE SE INFRINXEN POLA RESOLUCIÓN OU ACTO RECORRIDO.

Isto é importante, non é suficiente apelar “porque non me parece ben, ou non é xusto”, hai que alegar o artigo do regulamento que o Comité Territorial de Competición contraviu coa súa resolución ou acto.

e) Hai que concretar de forma clara qué se pide. Que se revoque a resolución, que se reduza, que se manteña en parte e se revogue outra; ou ben se revogue e ademáis se aplique unha medida cautelar. Ten que quedar claro qué se está a solicitar, así como si se solicita a suspensión cautelar dunha medida ten que quedar claro.

f) Data e lugar.

g) Firma do recorrente.

Se falla calquera de estos requisitos o “ recurso de apelación” interposto con erros formais é coma se o recurso non fora interposto. O Comité requerirá para que se subsanen as faltas de forma nun prazo concreto, e de corrixirse o recurso, non se entrará a resolver.

É importante que o recurso cumpla os requisitos, porque se tedes que esperar a que se vos requira para que o redactedes ben, poden pasar días e a resolución que buscades pode chegar tarde; por exemplo, para que un xogador poda ser aliñado nesa fin de semana.

A adopción de medidas cautelares. Se queredes una resolución urxente, porque precisades que un xogador poda xogar ese fin de semana, por exemplo. E non só por urxencia, cando saibades que a resolución recurrida pode perxudicarvos se o Comité de Apelación vos da a razón: debedes solicitar a suspensión da sanción en tanto que non se resolva polo Comité.

A petición dunha medida cautelar, básicamente o que pretende é que mentras o comité non decide si revoga ou non unha sanción, ésta non se aplique, por ser moi gravosa para o clube ou o xogador.

Por exemplo, se o Cte. Competición sanciona a un xogador/a con dous partidos de suspensión; apelades a resolución pero o Comité de Apelación tarda dúas semanas en resolver que é inxusta a resolución e que se retira a sanción, pero o xogador xa a cumprido esas dúas semanas, non hai xeito de reparar ese dano. O resultado e que non lle podemos devolver a ese xogador esos partidos, como oficialmente non houbo sanción, simplemente non os aliñastes porque non quixestes.

Así, compre pedir a suspensión cautelar da aplicación da sanción, para que o xogador poda xogar mentres o Comité de Apelación non resolva. Se resolve revogando a resolución, xa non hai perxuízo; e se resolve confirmando, cumprirá a súa suspensión nos seguintes encontros.

Medio de comunicación co Comité. O envío dun correo electrónico ó email cte.apelacion@fgbalonman.com é unha canle válida para o envío de recursos, pero non olvidemos que é unha comunicación formal, polo que se agradecería que se escribise nun documento aparte como adxunto e non no propio corpo do email. Ademais por suposto, de cumprir os requisitos obvios e xa enumerados como nome, data, forma, etcétera.

Por outra banda, a Directiva da Federación e os membros do Comité de apelación están abertos a axudar na xestión destas situacións vía telefónica, pero un recurso nunca cabe pola vía oral. Non é máis que un canle de axuda, pero non oficial.

É recorrible resolución do Comité de apelación. O Comité debe resolver en 30 días hábiles. Pero se non resolve enténdese que o recurso foi desestimado directamente, é o que se chama silencio administrativo (ex artigo 11 RRDg).

Na propia resolución confirmatoria, revogatoria ou modificativa farase constar tamén se cabe recurso, en canto tempo (15 días dende a notificación) e fronte a quen (Comité Galego de Xustiza Deportiva). Artigo 114

En Vigo a 1 de novembro de 2021

